



Guía Docente

Datos Identificativos				
			2024/25	
Asignatura (*)	Deseño e interpretación de probas diagnósticas	Código	652511215	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Losada Puente, Luisa	Correo electrónico	luisa.losada@udc.es	
Profesorado	Losada Puente, Luisa	Correo electrónico	luisa.losada@udc.es	
Web	https://campusvirtual.udc.gal/course/view.php?id=8183			
Descrición xeral	<p>O diagnóstico no campo da Psicopedagogía esixe dunha capacitación profesional relativa ao coñecemento e recoñecemento acerca das estratexias, técnicas e recursos máis adecuados para previr, detectar e avaliar as necesidades específicas que poidan presentar os/as escolares, e empregalas para a recollida de información que resulte nun informe de diagnóstico psicopedagóxico. Os/as profesionais da Psicopedagogía deben dispor dunha base de coñecementos de utilidade para a toma de decisión relativas á selección e/ou deseño das ferramentas para acadar os seus obxectivos de indagación.</p> <p>Por isto, esta materia está contemplada para coñecer estratexias e procedementos que capaciten ao alumnado para deseñar probas diagnósticas e protocolos de avaliación nas dificultades de aprendizaxe e atención á diversidade, así como a interpretación dos diferentes resultados obtidos nas valoracións realizadas.</p>			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer as estratexias e os procedementos que capaciten ao alumnado para o deseño de probas diagnósticas no campo das dificultades de aprendizaxe.	AP6 AP9	BM1 BM5 BM7 BM8 BM10	
Saber interpretar os resultados obtidos nas probas diagnósticas que se aplican ao campo das dificultades de aprendizaxe.	AP6 AP9 AP11	BM5 BM7 BM8 BM11 BM12	CM1 CM6

Contidos

Temas	Subtemas
Tema 1. Conceptualización do diagnóstico: diagnóstico das dificultades de aprendizaxe e atención á diversidade.	1.1. Conceptualización do diagnóstico e enfoques 1.2. Proceso de diagnóstico: Procedemento xeral e específico. 1.3. Elementos do informe de diagnóstico.



Tema 2. Deseño de probas diagnósticas e instrumentos.	2.1. Abordaxe metodolóxica do diagnóstico. 2.2. Tipos de instrumentos: 2.2.1. Principais características, vantaxes e inconvenientes. 2.2.2. Estudo da validez e da fiabilidade.
Tema 3. Interpretación de resultados e informe final	3.1. Interpretación da información cuantitativa e cualitativa. 3.2. A presentación dos resultados para as diversas audiencias.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A6 A9 A11 B11	7	0	7
Actividades iniciais	B1 B5 B8 B10 C1 C6	1	2	3
Análise de fontes documentais	A6 A11 B5 B7 B11 C1 C6	1	8	9
Estudo de casos	A9 B5 B10 B11 B12 C6	6	15	21
Proba obxectiva	A6 B5 B10 B11 B12 C1 C6	2	20	22
Discusión dirixida	A11 B5 B12 C1	2	0	2
Aprendizaxe colaborativa	A9 B1 B7 B8 B10 B11 C6	2	8	10
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Actividades iniciais	Actividade que se desenvolverá antes de iniciar o proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados ao deseño e interpretación de probas diagnósticas. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.
Análise de fontes documentais	O alumnado realizará unha análise de documentos relevantes que amplíen a comprensión de conceptos básicos da materia e permitan a elaboración de pensamentos razoados sobre o deseño e a interpretación de probas diagnósticas. Esta actividade desenvolverase en grupos de traballo (segundo o número de alumnado), desenvolvéndose en cada grupo unha temática específica.
Estudo de casos	O alumnado será exposto a enfrontarse ante a descrición dunha situación específica que formula un problema que debe ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través de un proceso de discusión. Trátase dun problema concreto, unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Proba obxectiva	Proba escrita para a avaliación dos coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa. Poderase combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.



Discusión dirixida	<p>Proporanse dinámicas nas que se aborden temáticas que inviten á reflexión do alumnado acerca de contidos relativos ao diagnóstico no campo educativo. Preténdese favorecer a construción dunha visión crítica á hora de interpretar a realidade educativa.</p> <p>Utilizaranse recursos como lecturas ou vídeos para a contextualización das discusións, para o cal requirirase que o estudantado, previamente, realice a súa lectura/visionado crítico (traballo autónomo).</p>
Aprendizaxe colaborativa	<p>Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Aprendizaxe colaborativa</p> <p>Análise de fontes documentais</p> <p>Estudo de casos</p>	<p>Durante o desenvolvemento das actividades prácticas, os grupos disporán de 1h (aprox.) de atención personalizada na aula, entendida como atención, supervisión e seguemento dos grupos de traballo, para resolver as dúbidas que poidan xurdir durante o manexo de fontes e a resolución de problemas prácticos. Isto supón que o alumnado debe participar nas sesións prácticas de xeito activo.</p> <p>O alumnado poderá consultar dúbidas no horario de titorías. As ditas titorías serán atendidas de forma presencial (despacho P1 A19), exclusivamente no horario de titorías que figura na web da Facultade.</p> <p>-----</p> <p>Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudante dos Grao na UDC (Art. 2.3.,3b y 4.5) (29%5/212)".</p> <p>Este alumnado desenvolverá a súa actividade coa asistencia e a participación nas dinámicas recollidas no apartado de "Metodoloxías" y en "Atención personalizada", aplicable ás prácticas de "análise de fontes documentais" e "estudo de casos", sempre que lle sexa posible. As actividades faranse seguindo as observacións de avaliación sobre a flexibilidade da asistencia-participación e os requerimentos para superar a materia.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A6 A11 B5 B7 B11 C1 C6	<p>Valorarase, a través dunha rúbrica, elaborada expresamente para a avaliación desta metodoloxía, atendendo a criterios relativos á riqueza e pertinencia das fontes bibliográficas, á capacidade de síntese, precisión e expresión escrita correcta, e ao correcto emprego das Normas APA 7ª ed.</p> <p>A actividade levarase a cabo en grupos e presentarase como "Introducción" ao estudo de casos que será entregado ao final do cuatrimestre.</p>	10



Proba obxectiva	A6 B5 B10 B11 B12 C1 C6	<p>Valorarase a adquisición dos coñecementos teóricos e prácticos mediante unha proba que poderá incluír preguntas de resposta múltiple, ordenación, resposta breve, discriminación, completar e/ou asociación, ou ben pódese construír con un só tipo dalgunha destas.</p> <p>Os tipos de preguntas seguirán o seguinte sistema de corrección:</p> <ul style="list-style-type: none">- Preguntas V/F: unha resposta incorrecta, restará unha resposta correcta.- Preguntas resposta múltiple: aplicarase a fórmula de corrección ao azar (acertos - erros/nº alternativas - 1).- Preguntas resposta curta: valorarase a claridade e a capacidade de síntese e adecuación da resposta á pregunta formulada.- Preguntas de asociación e completar: cada erro resta a metade dun acerto. <p>Nota importante: Para a superación da metodoloxía ?proba obxectiva? é requerido que o estudante obteña un 5. No caso de non acadar esta cualificación, non se terá en conta a avaliación continua. No caso de suspender, na convocatoria da 2ª oportunidade, non se terá en conta a avaliación continua.</p>	50
Estudo de casos	A9 B5 B10 B11 B12 C6	<p>Cada grupo de estudantes traballará con casos ao longo de todo o cuatrimestre. Deberá ir aplicando, de forma progresiva, os coñecementos teórico-prácticos desenvolvidos nas sesións expositivas a problemas reais, que presentará por escrito e de forma oral, e que será valorado a través dunha rúbrica elaborada expresamente para a avaliación desta metodoloxía.</p> <p>Terase en conta a capacidade do alumnado para aplicar os coñecementos teóricos adquiridos, para resolver problemas en entornos novos ou pouco coñecidos, a súa integración para formular xuízos e para comunicar as conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan.</p>	40

Observacións avaliación



REQUERIMENTOS PARA SUPERAR A MATERIA:

Asistir a clase. A asistencia a clase é

obrigatoria nun 80% das sesións. Participar na clase. A condición de alumnado asistente (80% de asistencia)

supón, non só a asistencia, senón tamén a participación e aproveitamento do

tempo de clase. Realizar

todas as actividades obrigatorias que computan na avaliación final da materia;

isto é: a proba obxectiva (final e/ou parciais), a análise de fontes

documentais e os estudos de casos. Acadar

o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar

a materia, calquera que sexa a modalidade de avaliación á que se somete o

estudante. No caso de non acadar o 50% nalgunha das partes, a calificación

final será de 4 puntos. Axustarse ás datas de entrega sinaladas no calendario

presentado durante a presentación da materia. As entregas fóra de prazo ou a

ausencia de entrega terán unha calificación de 0 puntos e, polo tanto, suporán

unha calificación final de suspenso. Realizar as actividades propostas, aproveitando e

optimizando o tempo que se destina na aula. Realizar

traballos de carácter orixinal. O incumprimento das normas éticas na

realización de traballos académicos suporá unha calificación de 0 puntos na

mesma e, polo tanto, dará lugar a unha calificación final de suspenso. Baixo

ningunha circunstancia aceptaranse traballos parcial ou totalmente extraídos

doutras fontes que non foran debidamente citadas. MODALIDADES DE AVALIACIÓN

Tendo en conta a posible existencia de alumnado que, polas súas

circunstancias particulares non cumpla co requisito de asistencia, terase en

conta diversas modalidades de avaliación segundo o réxime de adicación do alumnado:

Avaliación continua: modalidade de

avaliación aplicable a alumnado asistente; é dicir, a aquel

que cumpla co requisito de asistencia dun 80%, tanto das sesións teóricas como

prácticas; e ao alumnado con recoñecemento de adicación a tempo parcial: Alumnado asistente: Será

evaluado ao longo do proceso de aprendizaxe, a través da realización das

diversas prácticas establecidas dentro das metodoloxías de avaliación (análise

de fontes documentais, estudos de caso) que será entregado nas datas establecidas

pola docente. De forma complementaria, someterase a avaliación final mediante ?proba obxectiva?. Alumnado con recoñecemento

de dedicación a tempo parcial: atendendo á norma que regula o réxime

de adicación ao estudo e a permanencia e progresión dos estudantes de grao e

mestrado universitario na Universidade da Coruña (aprobada en Consello de

Goberno o 28 de xuño de 2016), nos seus artigos 4, 5 y 6, será necesario que

este alumnado solicite a dispensa e a entregue á docente, concertando unha

titoría na que lle informará sobre o xeito en que se desenvolverá o proceso de

aprendizaxe. Realizará as actividades de forma individual, e a súa avaliación

consistirá na entrega das prácticas establecidas dentro das metodoloxías de

avaliación (de maneira autónoma, e cunha ponderación de 60%) e a avaliación

final por medio da proba obxectiva (40%), podéndose someter ás avaliacións

continuas e final nas mesmas condicións que o alumnado non asistente, sempre que cumpra

os prazos establecidos pola docente. Avaliación

final: modalidade de avaliación aplicable ao alumnado non asistente (aquele

que non cumpre co requisito de asistencia mínimo do 80%). Recoméndaselle a

realización das actividades prácticas (análise de fontes documentais, estudo de

casos) de modo autónomo, e acoder regularmente a titorías para a consulta de

dúbdas sobre as mesmas. Será avaliado mediante proba obxectiva na que se introducirán (a) preguntas relativas aos contidos das actividades realizadas polo alumnado na modalidade de avaliación continua (60%) e (b) preguntas referidas aos contidos teóricos da materia (40%). As metodoloxías que se teñan aprobadas na primeira oportunidade non se gardarán para a segunda oportunidade (xullo) do ano en curso. A avaliación adiantada rexerase polo mesmo procedemento de avaliación que o especificado na 1ª e 2ª oportunidade aplicable ao alumnado "non asistente".



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Alonso Tapia, J. (2012). Evaluación psicopedagógica y orientación educativa. Síntesis.- Anaya Nieto, D. (1994). Introducción al diagnóstico en orientación. Sanz y Torres.- Anaya Nieto, D. (2003). Diagnóstico en educación. Diseño y uso de instrumentos. Sanz y Torres.- Ayala Flores, C.L. (2001). Evaluación e informes psicopedagógicos: de la teoría a la práctica. CEPE.- Cardona Moltó, M.C., Chiner Sanz, E., & Lattur Devesa, A. (2010). Diagnóstico psicopedagógico. ECU.- Díaz, M.I., Ruíz, M.A., & Villalobos, A. (2017). Manual de técnicas y terapias cognitivo conductuales. UNED.- Ibáñez López, P., & Mudarra Sánchez, M.J. (2014). Atención temprana. Diagnóstico e intervención psicopedagógica. UNED.- Marí Molla, R. (2001). Diagnóstico pedagógico: Un modelo para la intervención psicopedagógica. Ariel Educación.- Padilla, M.T. (2002). Técnicas e instrumentos para el diagnóstico y la evaluación educativa. CCS.- Romero Pérez, J.F., & Lavigne Cerván, R. (2005). Dificultades en el aprendizaje: Unificación de criterios diagnósticos (Vol. I). Junta de Andalucía.- Romero Pérez, J.F., & Lavigne Cerván, R. (2006). Dificultades en el aprendizaje: Unificación de criterios diagnósticos (Vol. II). Junta de Andalucía.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías